



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ANUNCIO

Por Resolución de alcaldía número 652/2022 do 7 de xuño, aprobáronse as actividades culturais e deportivas de verán 2022, que organiza este concello, así como as bases que rexen as mesmas, tendo en conta que estas poden ser ampliadas en caso de que a situación COVID o permita. Esta Resolución transcrita literalmente dí:

ASUNTO: SEGUNDO DECRETO DE APROVACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS VERÁN 2022

EXPEDIENTE: 2022/D002/000005

ANTECEDENTES:

1. Proposta realizada pola tramitadora do expediente, co visto e praxe da concelleira de cultura, ensino e desenvolvemento económico, dona Patricia Vázquez Figueroa e do concelleiro dos servizos de xuventude e deportes, don Santiago Franco Blanco, asinada o 20-05-2022, onde consta a proposta das actividades culturais e deportivas que podría organizar o Concello de Bergondo, dende o 4 xullo ao 30 de setembro de 2022.
2. Decreto número 555/2022 do 23 de maio polo que se aproban as actividades culturais e deportivas verán 2022 e as bases que rexen as mesmas.
3. Segunda proposta realizada pola tramitadora do expediente, co visto e praxe da concelleira de cultura, ensino e desenvolvemento económico, dona Patricia Vázquez Figueroa asinada o 7-06-2022, onde consta a segunda as actividades culturais que podría organizar o Concello de Bergondo, dende o 4 xullo ao 30 de setembro de 2022, atendendo as circunstancias da melloría da situación COVID.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Atendendo á evolución do COVID, dende o concello de Bergondo, se poderían organizar as seguintes actividades culturais, que non se recollían no Decreto número 555/2022 do 23 de maio polo que se aprobaron as actividades culturais e deportivas verán 2022 e as bases que rexen as mesmas.

Actividade/ Temática	Días e horario	N.º Participantes	Idade	Prezo	Instalación	Actividades
Campamento verán	Do 26 ao 31 de xullo Saída por determinar Regreso por determinar. Informarse no momento da preinscrición	Mín. 30 e máx. 50	8-16 anos	160,00 €	Albergue de Quiroga (Lugo)	Actividades deportivas: kaiak e padleboard, olimpiada predeportiva, deportes alternativos... Para coñecer: ruta medioambiental e xincana xeoparque. Piscina, tardes de río e veladas nocturnas.
Visita ao Aquapark	6 de xullo Saída da Casa do Concello ás 11.15 h Regreso á Casa do Concello ás 20.00 h	Mín. 30 e máx. 50	5-17 anos	10,00 €	Aquapark de Cerceda	Diferentes piscinas do parque e xogos alternativos
Visita ao Aquapark	3 de agosto Saída da Casa do Concello : 9.00 h Regreso á da Casa do Concello: 20.30 h	Mín. 30 e máx. 50	5-17 anos	10,00 €		

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Día en familia 1	2 de xullo Saída da Casa do Concello: 9.00 h Regreso á da Casa do Concello: 20.00 h	Mín. 30 e máx. 50	Todas as idades	10,00 €	A Casa Grande de Xanceda	Visita ás instalacións e animais da granxa. Proceso de elaboración e degustación de produtos (Aprox. 2 horas de actividade)
Día en familia 2	6 de agosto Saída da Casa do Concello: 9.00 h Regreso á da Casa do Concello: 20.00 h	Mín. 30 e máx. 50	A partir de 6 anos	10,00 €	Parque Multiaventura Marín	Curso de iniciación e Circuitos de multiaventura (Aprox.3 horas de actividades)

Segundo.- Que se publiquen estas bases no taboleiro de edictos da sede electrónica e na páxina web oficial do Concello de Bergondo: bergondo.gal.

Bergondo, 7 de xuño de 2022

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez